

BASES CONVOCATORIA

1. Obxecto do concurso

A Fundación MARCO convoca un concurso para a realización dun proxecto expositivo destinado ao primeiro andar do MARCO. A proposta atenderá á creación artística contemporánea e contemplará a participación de dous ou máis artistas.

O obxectivo do Premio consiste na realización do proxecto expositivo gañador, para o cal se disporá dun orzamento máximo de 15.000 euros. A exposición terá lugar entre os meses de xullo e setembro de 2007.

2. Condicións de participación

Poderanse presentar ao concurso os comisarios nados a partir do ano 1968, inclusive. Se a proposta é autoría dun colectivo, haberá de nomearse a un representante que actuará de mediador coa institución. Os comisarios non poderán participar en calidade de artistas. Os proxectos que concorran deberán ser **inéditos**, contemplar a participación de dous ou máis artistas e non se poderá presentar máis dun proxecto por autor.

3. Documentación requirida

O comisario deberá presentar, en sobre pechado:

- Formulario de inscrición adxunto debidamente enchido.
- Curriculum Vitae abreviado.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Dossier do proxecto, no que se incluirá:
 - Título da exposición.
 - Síntese do proxecto expositivo.
 - Listaxe de artistas incluídos na mostra, indicando nacionalidade e data de nacemento.
 - Ficha técnica e imaxe das obras (en caso de obras preexistentes).
 - Descrición e bosquexo das obras (en caso de obras producidas especificamente para esta exposición).
 - Deseño expositivo axustado ás dimensións das salas do primeiro andar. Pódese solicitar o plano detallado en info@marcovigo.com
 - Orzamento detallado do proxecto, ata un máximo de 15.000 euros, impostos incluídos.
 - O orzamento SI deberá incluír:
 - Gastos derivados da produción das obras.
 - Gastos de montaxe ou acondicionamento da sala.
 - Gastos de seguro e transporte de obras e materiais.
 - Gastos de viaxes ou estancia dos artistas participantes.
 - O orzamento NON deberá incluír:
 - Materiais impresos divulgativos ou promocionais, tales como trípticos, notas de prensa, e catálogo da exposición.
 - Persoal técnico de montaxe.
 - Equipamento técnico audiovisual.

Premio MARCO'06 para novos comisarios

I Concurso para a realización dun proxecto expositivo no primeiro andar do MARCO

4. Prazo de presentación dos proxectos

O prazo de admisión da documentación finaliza ás 19.00 do venres, día 20 de outubro de 2006. Non se aceptarán dossiers recibidos con posterioridade a esta data.

5. Entrega e recollida da documentación

A documentación entregarase persoalmente no despacho de billetes do MARCO ou enviarase por correo certificado, especificando no sobre 'Premio MARCO'06 para novos comisarios', ao enderezo do MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo. Rúa Príncipe, 54. 36202 Vigo.

Os proxectos non premiados deberán ser retirados no despacho de billetes do MARCO polo autor ou persoa autorizada, exclusivamente durante o mes de decembro de 2006 en horario de apertura do museo. Pasado ese prazo destruírase a documentación que non teña sido recollida.

6. Xurado

Un xurado composto por profesionais do mundo da arte seleccionará no mes de novembro o proxecto gañador e dous finalistas. A decisión do xurado será inapelable. Se o xurado así o estimase, o premio poderá ser declarado deserto. Os criterios de valoración das propostas terán en conta a calidade e a adecuación ás características do primeiro andar do MARCO como sala de exposicións.

O xurado estará integrado por:

- Eva González Sancho, directora do FRAC Alsace, Francia
- Juan de Nieves, director artístico do Espai d'Art Contemporani de Castelló (EACC)
- Javier Pérez Buján, director da Fundación Laxeiro, Vigo
- Miguel Wandschneider, comisario de Culturgest Lisboa, Portugal
- Iñaki Martínez Antelo, director do MARCO, Vigo

A Fundación MARCO resérvase o dereito de substituír calquera dos membros do xurado en caso de que non poida asistir ás deliberacións.

A resolución do xurado farase pública durante o mes de novembro de 2006 e comunicáraselle a todos os participantes.

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
 Rúa Príncipe, 54. 36202 Vigo
 T. 986 113900 - F. 986 113901
www.marcovigo.com

+ información: info@marcovigo.com

7. Aceptación do premio

Establécese un prazo de 10 días naturais para a aceptación do premio por escrito. No caso de non ser aceptado, o premio concederáse ao segundo clasificado.

8. Funcións do comisario

O comisario do proxecto gañador asinará un contrato coa Fundación MARCO que lle compromete a atender as funcións derivadas do comisariado dunha exposición especificadas no mesmo, e referidas, entre outras, á selección e localización das obras, ao deseño e supervisión da montaxe e á redacción de cando menos un dos textos para o catálogo.

9. Honorarios

O comisario do proxecto gañador recibirá a cantidade de 5.000 euros, impostos incluídos, en concepto de honorarios. Abonaranse en dous prazos: o 50% no momento da firma do contrato da exposición e o 50% restante na inauguración da mesma. A Fundación MARCO non se fará cargo de gastos de desprazamento ou estancia, que se consideran incluídos nos honorarios.

10. Aceptación das bases

A participación neste certame supón a total aceptación destas bases. A organización resérvase o dereito a resolver, na forma en que considere oportuna, calquera situación non prevista nestas bases.

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Datos persoais

Nome: _____

Apelidos: _____

Nome e apelidos dos restantes autores, no caso de que os haxa: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____

C.P.: _____

Provincia: _____

Nacionalidade: _____

Teléfono de contacto: _____

Enderezo electrónico: _____

Nº de DNI ou pasaporte: _____

Data de nacemento: _____

Proposta expositiva

Título: _____


Orzamento: _____

Artistas participantes: _____

Premio MARCO'06 para novos comisarios

I Concurso para a realización dun proxecto expositivo no primeiro andar do MARCO

Plano orientativo das salas de exposición do primeiro andar do MARCO



MARCO

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO



Concello de Vigo

caixanova



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE



DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



INSTITUTO DE CULTURA



PLANO

Pódese solicitar o plano detallado en formato .DWG ou .PDF no enderezo: info@marcovigo.com